



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2010 12:47
Nº Rexistro: 24916
Data envío: 23/02/2010 12:47:16.672


Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ao uso de topónimos galegos inconstitucionais por parte, precisamente, do Tribunal Constitucional.

Con data de 18 de febreiro de 2010, o Tribunal Constitucional dirixíase formalmente ao Parlamento de Galiza para lle comunicar oficialmente a admisión a trámite do recurso de inconstitucionalidade promovido polo Goberno español á Lei galega de caixas de aforro.

Chama poderosamente a atención que este tribunal (intérprete “supremo” da Constitución Española, segundo indica na súa páxina web que, por certo, non é visitábel en galego, mais si noutros idiomas), na comunicación oficial que traslada ao Parlamento de Galiza, fai figurar o seu enderezo na cidade de Santiago de Compostela-La Coruña (sic).

O artigo 10º.1. da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, en vigor desde hai 27 anos (!!), establece literalmente que “os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega”. E na nosa modesta opinión, este precepto legal non ten dúbidas sobre a súa constitucionalidade. Encontrámonos así cunha realidade surrealista: o Tribunal encargado de velar pola constitucionalidade das leis (nos termos establecidos no Título IX da mesma Constitución Española), utiliza no caso de Galiza topónimos inconstitucionais e preconstitucionais, contrarios á legalidade vixente na materia, obviamente constitucional. Así, quen pretende e ten



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2010 12:47
Nº Rexistro: 24916
Data envío: 23/02/2010 12:47:16.672

por cometido definir a constitucionalidade da Lei Galega de Caixas de Aforro, ou da Lei Galega de Vivenda, permítese o luxo de vulnerar a legalidade constitucional no tocante ao nome oficial das cidades ou provincias do noso país, isto é, no tocante ao respecto dos sinais de identidade lingüísticos e culturais que nos conforman como pobo diferenciado.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.ª) Que opinión lle merece á Secretaría Xeral de Política Lingüística que o Tribunal Constitucional, en comunicación oficial, vulnere a legalidade galega (constitucional) en materia toponímica?

2.ª) Ten previsto dirixirse ao Tribunal Constitucional para lle lembrar as súas obrigas, tamén constitucionais, de respectar o nome oficial dos topónimos galegos?

3.ª) En caso positivo, en que prazo e por que vía?

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 23/02/2010 12:46:14